

ELADIO RODRÍGUEZ

Cura párroco de Amiudal - Beariz



Cortellos de "CAMPOLARGO"



OS CHOZOS

INTRODUCCIÓN: **ENRIQUE BANDE**ILUSTRACIONES: **LUÍS CID FERNÁNDEZ**


INTRODUCCIÓN

No monte Suído, dorsal que parte en dúas a rexión galega a uns novecentos metros de altitude, practícase desde os máis remotos tempos a transhumancia e a "veceira". Son montañas que estiveron e están aínda hoxe cheas de cabezas de gando. Alí consérvanse restos de habitacións de pastores, poboados estacionais que reciben os nomes de "CHOZOS" "Cabanas", "Cortellos", "Curreiras", e "Cortes". Tamén se dan estas habitacións temporais nas penichairas da Galiza oriental no concello de Navia de Suarna e en Raio, aínda que aquí chámanlle "alzadas", dato que nos recorda a habitación dos vaqueiros asturianos.

Os Chozos eran habitáculos rurais tradicionais de pequenas dimensións caracterizados pola súa adaptación ó medio circundante e ás necesidades da explotación gandeira. Estas edificacións eran parte integrante da economía campesiña aínda que só fosen para desprazamentos temporais en determinadas épocas do ano. Estas moradas ocasionais, de uso temporeiro, só tiñan ocupación continua durante pequenos períodos estacionais. Son edificacións efímeras cunha arquitectura froito da miseria. Pola súa facilidade de construción e polo baixo custo ó non necesitaren de man de obra especializada, nin de materiais moi elaborados, as características dos chozos son consecuencias de factores socioeconómicos pobres e de condicións climáticas

e xeográficas propias do medio onde se asentan, cunha climatoloxía adversa e unha topografía abrupta. Están situados en zonas de difícil acceso e nelas domina a humildade e sobriedade.

OS CHOZOS presentan pequenas dimensións e a forma rectangular é a predominante neles. Foron espazos únicos con muros construídos de gran ou pizarra, pedras engatilladas coas que se fan grosas paredes con contrafortes exteriores feitos de cachotes. Son baixos, duns dous metros de altura coa porta e dous vanos ou tragaluces de reducidas dimensións. Estas construcións proceden da Idade Media pero enraízan coa época castrexa e están emparentados cos poboadores das mámoas.



Chozo de "ABELEND" no medio da chaira que leva o seu nome, rico en pastos frondosos para o gando.

OS CHOZOS están rodeados de terreos aptos para repouso dos gandos, cubertos de abondosos pastos alpinos con múltiples resurxencias de auga por seren lugares do nacemento ou da cunca de recepción de múltiples regatos que regan a montaña. Hoxe non funciona ningún pero quedan persoas que exerceron o oficio de "GANDEIRO", as que nos testemuñan que a nota dominante daquela vida era a miseria, a fame, a pobreza.

O estado actual destas construcións é lamentable dado que moitas delas están cubertas de maleza e o monte apropiouse dos poucos restos que nos quedan como testemuña dunha cultura e dunha forma de vida. Este

tipo de arquitectura popular dos montes do Suído tende a desaparecer, pero poderían reconverterse en casas de recreo campestre, en turismo de alta montaña ou estacións veraniegas de tempada. Nos seus antigos asentamentos, pola panorámica pisaxística que desde alí se albisca, podería pensarse en instalar unha área recreativa para facer turismo cuns bos accesos, que hoxe non ten a serra do Suído.

Construcción.

O chozo, ou casa do gandeiro, é unha cabana que acolle os pegureiros do Suído, sen ser propiedade de ningún, pero si de cada povo, xa que

se turnaban e trashumaban por todo o monte. O seu interior, xeralmente de pranta rectangular, somentes ten un recinto, duns vinte metros cadrados, distribuído en tres partes;

-Cama: o chan, co leito feito de toxo moar que o gandeiro machacaba coas súas chancas e despois cubría con fento seco ou colmo.

-Lareira: terreira. Con lume sempre acceso para facer a comida e ter a vivenda quente, e dándolle así, ao seu interior, unha cor mourisca natural, producida polo fume, xa que estas construcións non teñen chimeña.

-Lacea: emprazada nas grosas

paredes, onde gardaban a comida, roupa, cousas persoais, menciñas, ferramentas e aparellos dos animais.

O chozo só ten unha porta de entrada, pequena para evitar que os animais entren na morada do pegureiro, estando construída de pedras encaixadas que lle dan forma de arco ao dintel. O teito é de pedra, co seu tellado a unha ou dúas augas, cuberto de lousas, fentos, e terra de grama para conservar a calor e non deixar entrar o frío. Este peso está todo sostido por unhas grosas paredes con contrafortes exteriores, que non deixan entrar o vento ou derrubalo. Están feitos de cachotes de

pedra, asentados por verdadeiros mestres.


O chan é lameiroso, e ás veces cubríano de estrume para telo máis quente e seco. Nalgúns vense bancos de pedra pegados ás paredes para achantar cousas ou leña para o lume. Todos teñen unha ou dúas xanelas ao nacente e ao solpor para ollar o gando, avistar aos lobos ou aos ladróns e ventilar o seu interior.

A técnica constructiva dos chozos é románica, estando en íntima relación co medio xeográfico e social da zona. O emprazamento atópase na ladeira do nacente, arredor dos

novecientos metros de altitude, sempre agarimándose do vento. Aproveitábase a caída das montañas para a súa construción.

Polo seu redor inda se poden ollar construcións que se asemellan aos cortellos, redís ou curreiras, destinados a cobixar as crías, animais enfermos ou bravos que non se suxeitan á manada. Estes recintos estaban situados en grandes sesteiros ou chairas, marcados por lousas ou penas que lle dan un sentido de propiedade.

Case que todos os povos do concello de Avión tiñan chozos no Suído.



Curro e cortello de "LAXA BRANCA".

Somentes citaremos os mellor conservados da provincia de Ourense:

Chozo de Abelenda: ou “Val do home”, pois cóntase que apareceu nel un difunto. Está ben conservado. Ten dúas vertentes con dous bancos de grandes dimensións. No seu interior diferéncianse as devanditas partes, como no seu exterior os lugares designados para os seus animais e o gran campo que rodea, digno dunha área recreativa de alta montaña, polas vistas que desde alí se ollan. O seu tellado está cuberto de pedra, terra e colmo. Cóntanos o último gandeiro do Suido, señor Reimundo Mouriscados, que pasou neste chozo os meses de verán durante dezaoito anos, anos de moita pobreza e miseria.

Chozo de Mangoeiro: coa porta a unha beira, distinta aos demais, co tellado de grosa lousa e arco de características especiais. Chama a atención o seu tellado. Pola súa situación, está sendo maltratado por maleantes e descoñecidos. Estaba ben conservado. Este povo espera a colaboración dos organismos oficiais para reconstruílo e facer no seu agarrimoso campo, un merendoiro para que quen o desexe, poida ir pasar un día á montaña, unha vez acondicionado o seu acceso, como xa fixeron na parte de Pontevedra, cunha boa pista.


Chozo de Oroso e chozo de Cernadas: teñen unhas características semellantes, a porta pegada á parede lateral e o chan moi acciden-

tado. As silveiras e toxos téñenos medio destruídos.

Chozo de San Vicente: é, a pesar do seu difícil acceso, e xunto co de Abelenda, un dos máis visitados polas súas dimensións e restos exteriores que se adiviñan. Está en ruínas e o monte fíxose dono del.

Chozo de San Xusto: diferéncianse dous niveis no chan, que foi moi lameiroso. De planta cadrada. Somentes se atópan os restos e cortellos, encadrados nunha fermosa explanada, polo que debía ser un chozo elegante e con cavidade para moito gando e con bons pastos.

Chozo do Rodeiro: Con un monte de testeiro. Tellado de pedra e terra



Chozo de “MANGUEIRO” (un dos mellores conservados).

gramuda, ten unha soa xanela e unha pequena porta ao nacente con interiores ben diferenciados. No seu campo, nace unha auga fría e sabrosa. Está ben conservado e o seu acceso é fácil. Ten unhas vistas fermosas podéndose ver, incluso O Carballiño.

Chozos de Campolargo: Son varios e de grandes dimensións, feitos a rentes da terra, polo que hai que entrar a gatas. Son todos de pedra moi rústica, asentados nunhas grandes penas que lle dan ao xelado chan un novo releve con cortellos tamén tapados. De construción distinta aos anteriores, parecen ser os máis antigos desta zona. Aos seus pés nace o río Oitabén, que regaba os campos que labraban os gandeiros para se alimentaren, como dan verdadeira proba os sucalcos. Algúns inda se conservan. Esta zona está no corazón do Suído e somentes ten acceso a pé, estando o camiño máis perto a seis quilómetros.

Para chegar a todos estos chouzos servíunos de guía Adolfo Alonso, que de meniño fora pastor e subira moitas veces co seu pai e os veciños de Mangoeiro.

Cando se construíron

Non hai datos arqueolóxicos, nen documentos que nos digan cando se

fixeron. Só nos queda o que nos din os vellos dos povos do Suído: "Son moi antigos, do tempo dos mouros e dos romanos, algúns teñen máis de mil anos". Ninguén recorda data algunha da construción de algún chozo. O señor Eliseo, de noventa e un anos, di que xa de neno subía co seu pai, e xa lle dicía que eran moi vellos. Posúe un testamento do ano 1792 do escribano D. Xosé Chao, falando das estremas entre Avión, Cal de Bergazo e Sotomaior, onde se nomean os chozos que están entre esos términos.

Algúns chozos, como son os de Campolargo, están enclavados entre grandes mámoas, que abundan en todo o Suído, como son a de Brea, a de Valdoviño, e a da Cruz con milleiros de anos de existencia, o que nos podería facer pensar que están relacionados cos celtas.

Lendas

Sobor dos chozos hai moitas lendas. Conta Raimundo, que o gandeiro tiña que ser un home carraxeiro, pois había noites que non se durmía con tantos ouveos dos lobos arredor dos chozos, e que ata en calzóns e descalzos saían a correlos a tiros de escopeta ou a espantalos con ruidos de latas e cornetas, para que non esgallasen a veceira. Cando había moitas alimañas, todos os gandeiros do Suído convocaban aos donos dos

animais para dar unha batida e correlos para os "Foxos", por onde se esfarelaban cavorco abaixo.

Tamén recorda de non durmir algunha noite por morriña. Era a noite de San Xoan, na que os rapaces pasaban a noite no chozo cantando, bailando, facendo fogueiras e gastando bromas ás rapazas que coa aurora subían ao Coto Abelenda para tentar ollar o "Baile do Sol". Esta era unha tradición que lle viña dos seus avós: subían ao alto do Suído cada 24 de Xuño para ver como saía o sol dando voltas como se bailase.